



puideran presentar. Por conseguinte, poderá ser admisible a no aplicación estrita de algúns deles, sempre e cando a importancia relativa en termos cuantitativos ou cualitativos da variación constatada sexa escasamente significativa e non altere, polo tanto, a imaxe fiel da situación patrimonial e dos resultados do suxeito económico. As partidas ou importes cuxa importancia relativa sexa escasamente significativa poderán aparecer agrupados con outros de similar natureza ou función. A aplicación deste principio non poderá implicar en caso algúns a transgresión de normas legais.

Nos casos de conflito entre os anteriores principios contables prevalecerá o que mellor conduza a que as contas anuais expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e do resultado económico patrimonial da entidade.

Tamén se aplicarán os principios contables de carácter orzamentario recollidos na normativa orzamentaria aplicable, e en especial os seguintes:

_ Principio de imputación orzamentaria. A imputación das operacións que deban aplicarse ós orzamentos de gastos e ingresos faiuse de acordo cos seguintes criterios:

Os gastos e ingresos orzamentarios impútanse de acordo coa súa natureza económica e, no caso dos gastos, ademais, de acordo coa finalidade que con eles se pretende conseguir.

As obrigas orzamentarias derivadas de adquisicións, obras, servizos, prestacións o gastos, en xeral, impútanse ao orzamento do exercicio no que estes se realicen e con cargo aos respectivos créditos; os dereitos imputaranse ao orzamento do exercicio no que se recoñezan ou liquiden.

_ Principio de desafectación. Con carácter xeral, os ingresos de carácter orzamentario destínanse a financiar la totalidade dos gastos de dita natureza, sen que exista relación directa entre uns e outros. No suposto de que determinados gastos orzamentarios se financien con ingresos orzamentarios específicos a eles afectados, o sistema contable deberá reflectir esta circunstancia e permitir o seu seguimento.

3.2.- Comparación da información

Realízase a comparación entre os datos do exercicio 2019 e os do exercicio 2020.

4. Normas de valoración

As normas de valoración seguidas na elaboración das contas anuais, así como na confección da contabilidade foron as desenvolvidas na parte segunda do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local no seu modelo normal. Ditas normas aparecen concretadas en cada un dos seguintes epígrafes da memoria.

5. Inmobilizado material

O movemento do inmobilizado material para o que utilizamos o método do custo